

Caneiro: "Camilo José Cela é galego de nación e de alma, noso polo tanto"

PROSA ▶ O escritor verinés exalta a pertenza do Nobel á cultura de Galicia ▶ Marina Castaño participou onte na presentación de 'Retorno a Iria Flavia', editado por Alvarellos

REDACCIÓN • SANTIAGO

"Camilo José Cela é noso, Camilo José Cela é de aquí", foi a dobre e afervorada sentenza do escritor Xosé Carlos Caneiro na presentación, onte, na Fundación Caixa Galicia de Santiago, de *Retorno a Iria Flavia*. O volume, editado por Alvarellos, recolle cincuenta prosas do Nobel padronés, relacionadas con Galicia e publicadas en prensa desde a década dos corenta até a súa morte. O acto contou coa presenza do editor, Henrique Alvarellos, da doutora en Teoría da Literatura na Universidade da Coruña

e responsábel da edición, Olivia Rodríguez, e de Marina Castaño, presidenta da Fundación Cela e viúva do escritor.

"Atraer e recoñecer o que hai de *ser galego* na pluma universal de Camilo José Cela" foi o principal obxectivo de Alvarellos ao incluír estas prosas na colección *Rescate*, que xa recolleu os escritos de Cunqueiro, Del Riego, Risco ou Carré Alvarellos, e na que se prepara, para 2007, a irrupción de Ramón Otero Pedrayo.

Precisamente con don Ramón e con Rosalía de Castro

vencellou Xosé Carlos Caneiro o "mestre", o "máis excelente dos autores nosos", o "artista", o "eximio, inigualable, inimitable...", un "galego de nación e de alma, noso polo tanto", no que "nunca hai concesións á mediocridade" e que, para o verinés, constitúe o "exemplo máis digno e entregado do que eu considero un literato; o resto, como dicía o príncipe Hamlet, é silencio".

Tan acendida e devota foi a intervención do autor de *Ébora* que até as palabras de Marina Castaño resultaron tibias na súa



RAMÓN ESCUREDO

Alvarellos, esquerda, Marina Castaño, Caneiro e Olivia Rodríguez

O DATO

Varias cartas

O libro abarca sesenta anos de produción literaria e inclúe varias cartas entre Cela e os galeguistas dos cincuenta (Del Riego, Celso Emilio, Otero Pedrayo e Vicente Risco) ■

glosa do home e do escritor; un perfil no que, como Caneiro, salientou a importancia do vencello de Cela con Galicia e a presenza da paisaxe galega na súa obra, como singularidade literaria e vital. A xeito de conclusión, a mesma idea expresada minutos antes por Xosé Carlos Caneiro: "A obra é o que importa".